

Pero **Filomena** e os demais
ainda seguen coa conga Ruano-
va adiante.

—Arrecontrachégate, miudi-
ño; que vas perder o tren! —bé-
rralle a muller.

Pero **Pelúdez** xa non lles fai
caso porque pola praza aparece
Antonio Reigosa, que se dirixe
en recto ao exánime.

—Boas, **Pelúdez**. Lembre que
mañá temos unha cita ás seis da
tarde no Círculo das Artes pra fa-
lar de mortos e asasinios.

O home permanece a medios
folgos e sen erguer a cabeza con-
testa ao **Reigosa**:

—Se van falar de mortos, o
mellor é que me leven a min
como exemplo vivente, ou sexa
morrente.

—Veña ese ánimo. Mañá ás
seis. Non se esqueza, que voste-
de ten que saber moito de crimi-
nais.

—Ese que levaba a gaita! Ese
si que é un criminal! Mire como
me deixou!